

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICO que o Consello de Goberno na sesión ordinaria do día 23 de xullo de 2025 aprobou o Protocolo de protección das persoas menores de idade en actividades deportivas, de lecer e outras organizadas pola USC, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e praxe do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e praxe

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## **PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS MENORES DE IDADE EN ACTIVIDADES DEPORTIVAS, DE LECER E OUTRAS ORGANIZADAS POLA USC**

**Aprobado polo Consello de Goberno o 23 de xullo de 2025**

O presente Protocolo elabórase con base no mandato establecido na Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de Protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPVI) que dispón, no seu artigo 47, a obriga das Administracións Públicas de regular, no ámbito das súas competencias, protocolos de actuación que recollerán as actuacións para construír unha contorna segura no ámbito deportivo e de lecer, que deberán seguirse para a prevención, detección precoz e intervención fronte ás posibles situacións de violencia sobre a infancia e a adolescencia comprendidas nestes ámbitos. Esta norma indica tamén que os devanditos protocolos deberán ser aplicados en todos os centros que realicen actividades deportivas e de lecer, independentemente da súa titularidade.

Se ben a Universidad de Santiago de Compostela (USC) céntrase en formación educativa de persoas maiores de idade, o certo é que tamén alberga actividades deportivas, de lecer ou de tempo libre así como educación non formal na que participan menores de idade tales como STEMbach, Olimpíadas, Programa Estalmat, Verán CampUSC, Programa A Ponte, visitas a centros e xornadas de portas abertas, proxectos de aprendizaxe-servizo, etc.. Neste contexto faise necesario aprobar un protocolo fronte a violencia física, psicolóxica, sexual, e outras que se poidan producir no seo da organización de eventos con menores de idade.

Este documento establece os mecanismos da USC para combater todo tipo de violencias no deporte e nas actividades educativas e de lecer nas que participen menores, co obxectivo de poder previlas e detectalas de xeito que o seu impacto tenda a cero.

Unha das cuestións básicas contidas no presente Protocolo é a figura da persoa Delegada de protección ao neno, nena ou adolescente que será a persoa de referencia á quen acudir para expresar as súas inquedañas, queixas, suxestións ou directamente notificar algún feito violento. A persoa de referencia será a encargada da difusión e cumprimento do Protocolo, iniciará as comunicacións necesarias nos casos nos que se detectara una situación de violencia sobre a infancia ou a adolescencia e poderá propoñer á Reitoría a apertura de expedientes sancionadores ou do inicio de actuacións de mediación.

Este documento ten os seguintes piares fundamentais:

- Protexer aos menores fronte a todo tipo de violencia.
- Favorecer e fomentar os mecanismos de detección de situacións de violencia en nenos, nenas ou adolescente.
- Establecer pautas concretas de actuación ante situacións de violencia, delimitando o deber de comunicación das situacións de violencia e o procedemento a seguir.
- Determinar as medidas de prevención da violencia nas actividades deportivas nas que participen menores de idade.

- Crear espazos de desenvolvemento físico, emocional e psicolóxico sans e seguros así como favorecer o bo trato das persoas profesionais, voluntarios, familias e demais axentes implicados no sector deportivo, garantindo o benestar de todas as persoas participantes.

Este Protocolo tivo como referencia o aprobado polo Observatorio da Familia e da Infancia da Xunta de Galicia, a proposta da Secretaría Xeral para o Deporte, o 14 de maio de 2024, e faise ao abeiro da Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia e demais normativa de aplicación

En consecuencia, o Consello de Goberno, na súa reunión do 23 de xullo de 2025 acordou aprobar o presente **Protocolo para a protección dos menores de idade en actividades deportivas e outras actividades organizadas pola USC**

## TITULO I

### Obxecto e ámbito do Protocolo

#### Artigo 1. *Obxecto*

O Protocolo ten como obxectivo establecer pautas e procedementos para previr e abordar a violencia no ámbito deportivo, de lecer e nas actividades educativas non formais organizadas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) nas que participan menores de idade, promovendo unha contorna segura e respectuosa tanto para os deportistas como para o persoal involucrado:

#### Artigo 2. *Ámbito*

1. Este Protocolo será de aplicación en aquelas actividades que a USC organice con menores de idade, incluíndo a práctica deportiva, adestramentos, competicións, torneos e outros eventos culturais ou educativos con nenos e nenas e adolescentes (NNA), nos termos definidos na Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño.

2. Na realización de actividades deportivas será aplicable:

- a) Aos xogadores/as, adestradores/as, asistentes/as de equipo, preparadores físicos, directivos, acompañantes, monitores, árbitros/as, xuíces/zas e outras/os oficiais.
- b) Aos delegados/as de campo e calquera outra persoa que participe dalgunha forma nos adestramentos ou competicións.
- c) Aos proxenitores e familiares das/os participantes, dado que asumen as obrigas e responsabilidades destes na participación nas actividades programadas.
- d) Ao persoal que preste os seus servizos baixo un contrato laboral, civil ou mercantil.
- e) Ás persoas que desenvolvan a súa actividade como voluntarias ao amparo da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado.
- f) Aos medios de comunicación que asistan ás actividades deportivas, de lecer ou tempo libre e de formación non regrada contidas neste Protocolo.

g) Ao público asistente ás actividades obxecto deste Protocolo.

h) En xeral, a calquera persoa que, de calquera modo, poida nalgunha forma, intervir ou participar nas actividades ás que incumbe este Protocolo.

3. Tamén estará comprendido no ámbito subxectivo de aplicación deste Protocolo o persoal de empresas que prestan servizos na USC, tanto das concesionarias como das que teñan unha relación xurídica administrativa ou mercantil e durante a duración da dita relación, sempre que o feito se produza en dependencias da universidade e sen prexuízo da posible posta en coñecemento da situación denunciada á empresa ou entidade empregadora deste persoal.

4. O presente Protocolo será de aplicación cando se produza algunha das condutas descritas no anexo e sempre que teñan lugar en calquera centro da USC ou nun espazo físico ou virtual do seu ámbito organizativo e funcional.

## TITULO II

### **Principios xerais de actuación da USC fronte ás violencias contra menores de idade**

#### Artigo 3. *Compromisos da USC.*

1. A USC fará cumprir as obrigas, compromisos e implementará as medidas de protección aos menores de idade e a prevención da violencia fronte a estes que se establecen na Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e adolescencia fronte á violencia (LOPVI), en todas as actividades que desenvolva, incluídas as deportivas.

2. A USC velará para que seu persoal, nos casos de tratamento habitual con menores, teña actualizado o Certificado negativo de delitos de natureza sexual e trata de seres humanos, adoptando as medidas que correspondan en caso de incumprimento.

3. Todas as actividades educativas, deportivas e de lecer que se organicen na universidade deseñaranse e execútanse sobre a base do respecto aos dereitos e liberdades dos menores, sobre a base do bo trato aos nenos, nenas e adolescentes co obxectivo de crear actividades e contornas seguras.

4. A USC comprométese a designar un o a unha Delegado ou Delegada de Protección do menor (DP) que desempeñará as funcións e tarefas que se establecen no presente Protocolo.

5. A USC establecerá un canal electrónico seguro para as incidencias, reclamacións, queixas, suxestións e notificacións de incidentes con menores e comprométese a darlle a debida tramitación preferente.

6. Darase difusión ao presente Protocolo, ao canal de denuncias seguro, e informarase a tódolos membros da comunidade universitaria de recomendacións e boas prácticas nesta materia, incluídos os pais e nais dos participantes, e esixindo o seu cumprimento.

#### Artigo 4.- *Principios de actuación*

Para a prevención e actuación ante situacións de violencia con menores, establécense os seguintes principios xerais de actuación:

- a) A USC comprométese a respectar e facer respectar a dignidade, a intimidade, a integridade física e moral e a igualdade de todas as persoas e proclama o seu compromiso de “tolerancia cero” coas condutas de violencia.
- b) A USC asume o compromiso de realizar accións de prevención e, no seu caso, de actuación inmediata para a solución e erradicación de calquera tipo de conduta que supoñan violencia con menores no ámbito da súa competencia.
- c) A USC realizará accións de información e instrución dirixidas a toda a comunidade universitaria nestas materias, con indicación clara do deber de respectar a dignidade das persoas e o seu dereito á intimidade.
- d) A USC actuará coa máxima dilixencia ante o coñecemento de presuntos casos dos descritos no anexo deste Protocolo, garantindo o segredo de todas as actuacións.
- e) A USC protexerá as vítimas, establecendo medidas cautelares e garantindo a indemnidade fronte a represalias.
- f) Tanto as estruturas de goberno como o persoal da USC prestarán a súa colaboración na erradicación de situacións de acoso e na investigación das denuncias.

### TITULO III

#### Gobernanza do Protocolo

##### Artigo 5. *Delegado/a de Protección do menor (DP)*

1. O/A Delegado/a de Protección do menor será a persoa responsable, dentro da USC, de previr, detectar, comunicar e tentar reducir ao mínimo posible os casos de violencia contra menores.

2. As súas funcións serán:

- a) A difusión e cumprimento do presente Protocolo.
- b) Informar ás persoas ás que incumbe este Protocolo da existencia do mesmo e da política de prevención da violencia no deporte en Galicia.
- c) Protexer aos menores fronte a todo tipo de violencias, adoptando as medidas que procedan.
- d) Fomentar unha contorna segura e unha cultura de trato cos menores de respecto, igualdade e inclusión, libre de todo tipo de violencia, especialmente naqueles que poidan presentar algún tipo de diversidade funcional ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- e) Canalizar e dar trámite ás suxestións, queixas, reclamacións ou notificacións que se formulen por calquera persoa ante situacións de violencia, podendo instruír expedientes informativos ou propoñer á Reitoría a apertura de expedientes disciplinarios contra membros da comunidade universitaria.
- f) Comunicar as situacións de violencia contra menores das que teña coñecemento, conforme ao indicado neste Protocolo.
- g) Promover a formación na prevención e detección precoz da violencia e

protección dos nenos e nenas e adolescentes, dirixindo as oportunas campañas ao persoal que traballa na USC; aos que realizan o seu labor nas entidades deportivas (deportistas, adestradores/as, técnicos, monitores/as, colaboradores/as, persoal voluntario e directivos/as) e aos pais e nais ou quen exerza a tutela, garda ou acollemento da persoa.

- h) Adoptar as medidas preventivas que procedan na defensa dos intereses dos menores que puideran ter sido vítima dunha situación de violencia.
- i) Propoñer aos órganos de goberno da USC as medidas de preventivas ou protectoras que considere oportunas ante situacións de violencia que se poidan producir contra os menores.
- j) Velar pola debida integración nas actividades das vítimas, fomentando e favorecendo a continuidade da súa realización.

3. O Delegado de Protección do menor será designado polo Reitor de entre os membros da comunidade universitaria que contén coa debida formación, coñecemento da materia e da normativa de protección de menores. O seu nomeamento terá unha duración de 2 anos, renovables e será comunicado ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

4. Garantirase a debida publicación e difusión do seu nomeamento na USC, a través da súa web.

5. A persoa Delegada gozará de independencia no exercicio das súas funcións, para adoptar en todo momento as decisións máis adecuadas en favor dos menores, de acordo cos principios de actuación contemplados no artigo 9 deste Protocolo.

#### Artigo 6. *Órganos de asesoramento*

Serán órganos de asesoramento do Delegado, a Asesoría Xurídica, a Oficina de Igualdade de Xénero e a Unidade de Atención Psicolóxica. A emisión dos seus informes nesta materia será considerada prioritaria e urxente.

### TITULO IV

#### Prevenición e concienciación

##### Artigo 7. *Información, difusión e sensibilización*

1. A comunidade universitaria debe ser informada da existencia deste Protocolo e do seu contido. A USC elaborará un plan de comunicación específico que garanta a súa difusión e que inclúa a súa publicación na páxina web da Universidade. Tamén se informará dos medios internos e externos contra o acoso.

2. O presente Protocolo deberá ser comunicado ás empresas colaboradoras, ás subministradoras e ás que traballen nas instalacións da Universidade.

3. Co obxecto de formar, concienciar e sensibilizar aos membros da comunidade universitaria, a USC desenvolverá campañas de sensibilización e programas formativos nesta materia. En particular, deberá realizar:

- a) Sesións informativas para persoal directivo, adestradores, deportista e participantes NNA ou ás súas familias.

b) Creación dunha páxina web institucional da USC coa información deste protocolo, do contacto do DP e do canal de denuncias. Nela farase difusión de códigos de conduta para participantes en actividades nos que participen menores, de recomendacións para prever a violencia en áreas especialmente sensibles e de boas prácticas.

c) Aumentar o control e vixilancia en instalacións educativas, deportivas e de lecer.

d) Realizar formación sobre protección de imaxe do menor e protección de datos do colectivo NNA.

## TITULO V

### Actuación fronte ás condutas descritas neste Protocolo

#### Artigo 8. *Actuacións fronte as condutas descritas neste Protocolo*

As vítimas e persoas coñecedoras de posibles situacións incluídas neste Protocolo, poderán realizar consultas, solicitar información ou presentar denuncias mediante unha canle segura na que se poderá garantir o seu anonimato, tanto nos contidos remitidos como nos sistemas de transmisión telemática. A comunicación entre a persoa e a USC realizarase a través dun sistema informático cun código individualizado. A xestión e tramitación corresponderá á persoa DP.

#### Artigo 9. *Principios que rexen nas actuacións*

As actuacións obxecto deste Protocolo rexeranse polos seguintes principios:

- a) Confidencialidade
- b) Respecto á dignidade, intimidade, honor e demais dereitos fundamentais e ordinarios das partes
- c) Imparcialidade e contradición
- d) Dilixencia, celeridade e reserva
- e) Seguridade xurídica
- g) Garantía de indemnidade e prohibición de represalias

#### Artigo 10. *Procedemento xeral de actuación ante casos de violencia*

1. No caso de que calquera coñecemento dunha situación de violencia sobre algún neno, ou adolescente(NNA) deberá comunicalo sen demora á persoa DP a través da canle segura a que se refire o artigo 8 deste Protocolo.

2. Recibida a comunicación e no prazo máximo de 10 días acordarase a súa admisión ou inadmisión a trámite. Poderá inadmitirse cando os feitos relatados carezan de toda verosimilitude, cando os feitos relatados non teñan relación coas condutas deste Protocolo e cando a comunicación non conteña información nova e significativa sobre procedementos xa rematados. No caso de admisión a trámite enviarase ao comunicante un acuse de recibo de recepción dentro dos sete días hábiles dende a presentación, da comunicación. Poderá dispoñerse de oficio a acumulación no casos en que exista identidade substancial ou íntima conexión.

3. Se no momento da comunicación a persoa delegada constata que os feitos refírense a simples comportamentos inadecuados realizados por algún membro da USC, a persoa DP poderá propoñer directamente unha medida educativa ou correctiva. En todo caso, farase un seguimento da vítima e valorarase a erradicación total e absoluta do comportamento, así como a debida e adecuada reintegración do neno, nena ou adolescente á actividade.

4. No caso de que a violencia exercida sexa presuntamente grave ou moi grave e supoña un risco de calquera tipo para a integridade física ou psíquica da vítima, tramitará de forma inmediata un expediente informativo-información reservada e o comunicará inmediatamente á Reitoría. Estas actuacións terán os efectos do artigo 55 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. A estes efectos poderá realizar entrevistas con tódolos afectados, coas persoas que presenciaron a situación de violencia e deberá recompilar toda a información que poida ser necesaria para conformar a realidade dos feitos acontecidos. A observación e recompilación de información deberá realizarse de forma, non invasiva, evitando a revictimización.

5. No caso de que os feitos puideran ser constitutivos de delito, o Reitor dará comunicación ao Ministerio Fiscal.

6. As actuacións de averiguación deben ter en conta os seguintes criterios de actuación:

- O contido das entrevistas deberá quedar reflectido por escrito con actas firmadas.
- Deberase garantir a protección dos NNA afectados e evitar a vitimización secundaria dos nenos, nenas e adolescentes que sufriron a violencia (non duplicar intervencións coas vítimas nin facer revivir innecesariamente os feitos).
- Deberase crear un clima de confianza coas vítimas da violencia pero poñéndose por riba da situación para non manipularen o relato (se deben reflectir os feitos coas súas propias palabras).
- Deberanse respectar os dereitos do/a presunto/a agresor/a e a presunción de inocencia, así como a identidade dos nenos, nenas ou adolescente e das súas familias.
- Se debe actuar de maneira inmediata, evitando en todo o posible dilacións innecesarias.

7. A persoa DP, poderá solicitar ao Reitor que se acorden medidas cautelares urxentes para protexer á vítima e garantir a súa seguridade. Así, poderá recomendar a adopción de algunha medida de protección á vítima do feito violento (reaxuste de horarios, cambios de grupos ou de actividade, suspensións cautelares de asistencia, etc.). Así mesmo fará un seguimento das medidas cautelares adoptadas e velará polo seu cumprimento.

8. Unha vez practicadas tódalas dilixencias, a persoa DP remitirá ao Reitor o resultado das averiguacións e poderá propoñer de xeito motivado:

- a) Arquivar o expediente por considerar que a violencia non existiu ou non se acreditou. En todo caso, a persoa DP unha vez realizadas as actuacións, de constatar que non houbo situación violenta ningunha, poderá propoñer realizar algunha actividade preventiva, de boas prácticas ou de mellora da convivencia.

b) No caso de comportamentos inadecuados poderá propoñer a realización de actividades educativas ou medidas restaurativas do dano que se produciu.

9. Se se conclúe que puidera existir unha situación de violencia grave ou moi grave o comunicarao ao Reitor para que o comunique a quen proceda (Ministerio Fiscal xuíz ou comité de disciplina da federación deportiva..) ou inicie o procedemento disciplinario que corresponda. A resolución do expediente comunicárase ás persoas interesadas

10. As presuntas vítimas poderán solicitar a designación dunha persoa da comunidade universitaria para actuar como interlocutora entre esta e as distintas instancias da USC. A persoa designada poderá solicitar información sobre os distintos procedementos e propoñer medidas que eviten a exposición pública e a revitimización da persoa denunciante.

11. A persoa DP deberá colaborar en todo canto sexa requirida polas autoridades correspondentes e velará pola seguridade da presunta vítima durante a práctica de dilixencias, actuacións policiais, xudiciais ou federativas que se poidan levar a cabo, seguindo sempre as indicacións que lles diten.

#### Artigo 11.- *Mediación*

No caso de que a persoa DP detecte que a situación se corresponda con un conflito interpersoal, poderá propoñer á Reitor o inicio de actuacións de mediación a través da Comisión de Convivencia da USC, de conformidade coa normativa de convivencia da USC.

#### Artigo 12.- *Mediación e conflitos de interese*

No caso de que se detecte un conflito de intereses na execución do Protocolo, este deberá ser posto en coñecemento do Reitor da USC.

#### Artigo 13. *Seguimento e revisión do Protocolo*

A persoa DP realizará unha memoria anual onde analizará o número de casos detectados, as causas dos mesmos e as liñas correctoras para que no futuro se poidan evitar condutas semellantes.

A persoa DP realizará o labor de seguimento na aplicación do presente Protocolo, a fin de analizar a súa eficacia na prevención e actuación ante as situacións que contempla. Asemade, poderá realizar propostas de modificación da norma, no caso de detectar insuficiencias para atender as situacións que se presenten.

En todo caso, o presente Protocolo someterase á revisión e actualización no prazo de dous anos para introducir aquelas modificacións derivadas da experiencia alcanzada, cambios normativos ou melloras técnicas necesarias para alcanzar o seu fin.

Disposición adicional. *Fundación USC*, entidades dependentes ou vinculadas e *empresas*

A USC velará porque a Fundación USC, as entidades dependentes ou vinculadas así como as empresas que presten servizos na USC, tanto as concesionarias como as que teñan unha relación xurídica administrativa ou mercantil, teñan implementadas pautas e procedementos para previr e abordar a violencia no ámbito deportivo e noutro tipo de

actividades nas que participen os menores de idade, nos supostos en que os feitos se produzan en dependencias da Universidade.

A Fundación USC e as entidades dependentes ou vinculadas poderán adherirse a este protocolo.

Disposición final. *Entrada en vigor*

O presente Protocolo, unha vez aprobado polo Consello de Goberno, entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC.

ANEXO  
TERMOS, DEFINICIÓNS E BOAS PRÁCTICAS

CONCEPTO DE VIOLENCIA CON MENORES

É violencia calquera forma de agresión física, verbal ou psicolóxica que cause dano, lesións ou malestar emocional aos participantes. A efectos deste Protocolo e segundo o artigo 1.2 la LOPIVI, se entende por violencia “toda acción, omisión ou trato negligente que priva aos menores dos seus dereitos e benestar, que ameaza ou interfere o seu ordenado desenvolvemento físico, psíquico ou social, con independencia da súa forma e medio de comisión, incluída a realizada a través das tecnoloxías da información e da comunicación, especialmente da violencia dixital”.

En calquera caso, sen consideración de *numerus clausus*, se entenderá por violencia (art. 1.2 LOPIVI):

- O maltrato físico, psicolóxico ou emocional.
- Os castigos físicos, humillantes ou denigrantes.
- O descoido ou o trato negligente.
- As ameazas, inxurias ou calumnias.
- A explotación, incluíndo a violencia sexual.
- A corrupción, a pornografía infantil e a prostitución de menores.
- O acoso escolar, o acoso sexual e o ciberacoso.

CONCEPTO DE BO TRATO AOS MENORES E CREACIÓN DE CONTORNAS SEGURAS

O artigo 1.3 la LOPIVI define o bo trato como “aquele que, respectando os dereitos fundamentais dos nenos, nenas e adolescentes, promove activamente os principios de respecto mutuo, dignidade do ser humano, convivencia democrática, solución pacífica de conflitos, dereito a igual protección da Lei, igualdade de oportunidades e prohibición de discriminación dos nenos, nenas e adolescentes”.

O bo trato, pois, configúrase non só como un obxectivo senón como un requisito de obrigado cumprimento na organización, planificación e execución das súas actividades para crearen unha contorna segura, un ambiente protector desde unha dimensión física, psicolóxica e social (incluíndo o entorno dixital), no que as actividades deportivas e doutro tipo deben desenvolverse sen violencia e co debido respecto aos dereitos dos menores.

## TIPOS ESPECÍFICOS DE VIOLENCIA

### Violencia de tipo sexual

Engloba todas aquelas accións ou omisións que atentan contra a liberdade e a indemnidade sexuais dos menores, con tódolos actos de natureza libidinosa e de contido sexual que sexan realizados sen o consentimento da vítima. Débese ter en conta que o consentimento prestado polos menores de 16 anos con respecto aos actos sexuais non se considera válido de forma xeral, e salvo contadas excepcións, polo que os actos sexuais realizados con menores de 16 anos consideraranse ilícitos.

Dentro deste tipo de violencia, se considerará acoso sexual a solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para un terceiro que provoque na vítima unha situación obxectiva gravemente intimidatoria hostil ou humillante.

Tamén se considerará violencia sexual fronte ao menores:

- Os abusos sexuais mediante engano, ou prevalecéndose de situacións de confianza.
- Os abusos sexuais mediante o uso de internet, teléfono móbil ou similares, a fin de contactar e concertar encontros sexuais para realizar actos de contido sexual ou gravación, exhibición, difusión de pornografía.
- Enganar a unha persoa menor de idade para facilitar material pornográfico.
- Mostrar imaxes pornográficas nas que se represente ou apareza un menor.
- Vender, difundir ou exhibir material pornográfico entre menores.
- Exhibición obscena de xenitais ante menores.
- Prostitución, explotación sexual e corrupción de menores.

### Maltrato emocional ou psicolóxico a menores

Comprende comportamentos dirixidos a ridiculizar, intimidar, insultar, rexeitar ou humillar ao menor. Son situacións propias desde tipo de maltrato no deporte cando son sometidas/os a insultos, ameazas, actos intimidatorios, vexacións, humillacións, coaccións, entre outros. En especial, considerarase un tipo de conduta violenta a LGTBIfobia, entendida como o emprego de expresións vexatorias que inciten a exercer a violencia contra as persoas ou a súa familia por causa da orientación sexual, a identidade de xénero ou a expresión de xénero dunha maneira intencionada ou mesmo condutas discriminatorias por razón de sexo, orientación e identidade sexual ou expresión de xénero.

### Bullying

Defínese como un maltrato e acoso verbal, físico o psicolóxico, ao que os compañeiros dun menor o/a someten de xeito continuado. Pode realizarse a través de redes sociais, caso no que se consideraría cyberbullying.

### Violencia a través das redes sociais e medios telemáticos

Trátase da violencia que se realiza a través de dispositivos móbiles, dixitais ou informáticos, internet, redes sociais e aplicacións de mensaxería ou similares. A través deles pódense dar todas as condutas violentas anteriormente relacionadas e especialmente actuacións contra a intimidade, o honor e a propia imaxe dos nenos, nenas e, especialmente, adolescentes. En concreto, inclúese nesta categoría o *grooming*, entendido como unha forma de acoso sexual, estendida nos últimos tempos, polo uso das novas tecnoloxías. Defínese como o acoso no que unha persoa (xeralmente un adulto) contacta con un neno, nena ou adolescente a fin de gañar de xeito progresivo a súa confianza coa finalidade de involucralo en actividades ou actos de natureza sexual. Se trata dunha forma de violencia sexual tipificada como delito.

Presentan como particularidade a dimensión pública que poden adquirir pola difusión da violencia en medios como internet ou as redes sociais, o que suporá un incremento do dano á vítima.

#### Condutas inadecuadas ou inapropiadas

Defínense como aquela conduta agresiva, hostil, irrespetuosa, que rache o correcto trato provocando no menor incomodidade ou favorecendo unha posterior situación de violencia.

### BOAS PRÁCTICAS

Adoptaranse boas prácticas nas formas de interactuar e relacionarse cos menores, co fin de evitar as condutas definidas no parágrafo anterior.

A estes efectos, se farán procede facer as seguintes recomendacións:

- Evitar o contacto físico innecesario, excesivo ou desproporcionado.
- Non invadir a intimidade corporal ou psicolóxica.
- Evitar brincadeiras, comentarios ou xogos con connotacións de carácter sexual.
- Non empregar unha linguaxe inadecuada ou zafia.
- Dialogar con respecto e educación, sen empregar unha linguaxe sarcástica ou irónica.
- Respetar os momentos nos que as persoas deportistas estean no vestiario pero manter control indirecto por se xorde algún tipo de conduta violenta entre eles.
- Non levar a cabo reunións ou entrevistas a solas con menores.
- Evitar desprazamentos en vehículos a solas con menores.

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 24/07/2025 00:02:55.

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 23/07/2025 21:08:43.

**CSV:** F558-ABFF-4179-A36E